

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 10 de maio de 2013 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas destinadas aos estudantes universitarios que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2013/14.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

A Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, está a levar adiante unha política de asistencia económica aos estudantes universitarios, concretada en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a calidade, a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico. A formación e o perfeccionamento dos futuros titulados galegos constitúe a base para incrementar o coñecemento e capital humano, técnico e investigador da Comunidade Autónoma, que os capacite para afrontar os retos que a sociedade actual demanda.

Considerando, ademais, que a mobilidade dos estudantes é un importante factor de estímulo para a competitividade do sistema universitario e o conseguinte incremento da súa calidade, que permite ao alumnado participar nalgún tipo de actividade académica ou estudantil nunha institución diferente a súa mantendo a condición de universitario e lle brinda a oportunidade de integrarse nunha comunidade internacional convivindo nunha atmosfera multicultural, mellorando a eficiencia formativa e permitíndolle aproveitar ao máximo as súas potencialidades, cómpre realizar unha nova acción co obxecto de promover e apoiar a mobilidade de estudantes en programas de intercambio con países extracomunitarios.

Así pois, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, considera conveniente convocar bolsas de nova adxudicación destinadas a apoiar a mobilidade de estudantes en programas de intercambio con países extracomunitarios co fin de reforzar a aprendizaxe mutua, o traballo de cooperación, favorecer a mobilidade, compartir experiencias e coñecementos, fomentar o aumento das competencias lingüísticas e profesionais etc.



Polo que antecede,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto da convocatoria*

Convócanse 98 bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao alumnado universitario matriculado nunha universidade do Sistema universitario de Galicia (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña ou Universidade de Vigo) ou nun centro asociado da UNED en Galicia que participe en programas de intercambio relacionados cos estudos que está a cursar, con países extracomunitarios, agás o programa Erasmus.

#### Artigo 2. *Orzamento*

Estas bolsas serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 cunha contía total de 98.000 euros. Non obstante, a cantidade total pode ser incrementada no caso de producirse remanente doutras convocatorias financiadas con cargo á mesma aplicación orzamentaria, de acordo co disposto no artigo 31.2 letra b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes; neste suposto empregárase a listaxe de suplentes referida no artigo 11 desta orde.

#### Artigo 3. *Dotación da bolsa*

1. A bolsa terá unha dotación económica de 1.000 euros por alumno beneficiario co obxecto de axudar a financiar os gastos ocasionados pola mobilidade.

2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de conformidade co artigo 17 punto 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 4. *Duración das bolsas*

O programa de mobilidade para o cal se solicita a axuda será realizado durante o curso académico 2013/14.



**Artigo 5. *Requisitos dos/as solicitantes***

a) Estar matriculado en estudos universitarios oficiais conducentes a unha titulación de grao, licenciatura, diplomatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica nunha universidade pertencente ao SUG ou centro asociado da UNED en Galicia.

b) Ter cursado os últimos tres anos académicos nalgún centro ou universidade da Comunidade Autónoma.

c) Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de residentes, e non poderán realizar o intercambio con universidades do seu país de orixe.

d) Realizar o programa de mobilidade a través da universidade ou centro asociado da UNED en Galicia.

**Artigo 6. *Forma e prazo de presentación de solicitudes***

1. As solicitudes subscribiranas directamente as persoas interesadas ou a persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

2. O prazo de presentación de solicitudes será como mínimo de un mes e iniciárase o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG, e rematará o 29 de xuño de 2013, incluído. Se a solicitude é remitida por correo presentarase en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo persoal de Correos antes de que proceda á súa certificación postal. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes servizos de mensaxaría privados.

3. O formulario da solicitude, correspondente co modelo normalizado ED441B que se publica como anexo I a esta orde, e a declaración responsable necesaria, que se publica como anexo II, estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es> para a súa presentación electrónica completa.

4. Para a presentación na sede electrónica do devandito formulario e da declaración responsable admitiranse o DNI electrónico ou calquera outro sistema de sinatura electrónica da persoa solicitante ou representante legal.

5. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención ao presentar os formularios, poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao correo electrónico [012@xunta.es](mailto:012@xunta.es)



En caso de dúbida en relación coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas no enderezo electrónico [orientacion.sug@edu.xunta.es](mailto:orientacion.sug@edu.xunta.es)

6. No suposto de que a persoa solicitante non dispoña do sistema de sinatura aceptada pola sede electrónica, admítase igualmente a presentación da solicitude e da declaración responsable en formato papel unha vez cubertos os formularios en formato pdf dispoñibles na sede, en todos os seus campos, sen engadir novos datos, emendar, variar ou riscar o seu formato orixinal, e presentaraos, asinados, no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, dirixidos á Secretaría Xeral de Universidades (Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela) ou ben en calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, para a presentación de instancias.

#### Artigo 7. *Documentación que hai que presentar*

A solicitude (anexo I, modelo normalizado ED441B) e a declaración responsable do cumprimento das obrigas tributarias e das axudas solicitadas para a mesma finalidade (anexo II), presentaranse na sede electrónica da Xunta de Galicia xunto coa seguinte documentación:

– Copia dixitalizada da certificación académica completa emitida pola universidade correspondente nun período non anterior aos catro meses anteriores á publicación da presente convocatoria, en que se fará constar a nota media do expediente académico, obtida de acordo cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, con data do 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, publicado no DOG o día 30 de setembro de 2011 por Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011.

Os alumnos que estean cursando estudos de 2º ciclo (licenciado, arquitecto e enxeñeiro) por accederen desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar ademais unha copia dixitalizada da certificación académica relativa ao primeiro ciclo realizado. Igualmente, os alumnos que estean cursando estudos oficiais de grao por accederen desde unha titulación de primeiro ou primeiro e segundo ciclo, deberán presentar unha copia dixitalizada da certificación académica completa en que se inclúa o recoñecemento das materias cursadas nestes.



– Copia dixitalizada do certificado do órgano competente da súa universidade de que o alumno está admitido nun programa de intercambio indicando o centro, o país e o período temporal en que realiza a estadia.

No suposto de que a persoa solicitante non dispoña do sistema de sinatura aceptada pola sede electrónica, para a presentación dixitalizada da certificación académica e do certificado de admisión no programa de intercambio admitirase igualmente a presentación da certificación académica orixinal ou copia compulsada desta e o certificado de admisión no programa en formato papel, que presentará nos mesmos termos establecidos no punto 6 do artigo anterior.

**Artigo 8. *Exposición de listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación***

1. Unha vez examinada e avaliada a documentación presentada polos solicitantes, a Secretaría Xeral de Universidades exporá as listaxes provisionais das solicitudes admitidas e excluídas, sinalando as causas de exclusión, nos taboleiros de anuncios da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nas súas xefaturas territoriais, e nas oficinas de relacións internacionais das respectivas universidades. Así mesmo, estas listaxes tamén poderán ser consultadas no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

2. Os interesados disporán dun prazo de reclamación de dez días, e poderán durante ese prazo formular reclamacións ou emendar erros e falta de documentación ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase que o interesado desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos na Lei 30/1992.

**Artigo 9. *Comisión avaliadora***

1. A selección de bolseiros/as será efectuada por unha comisión avaliadora integrada por:

Presidente/a: o titular da Secretaría Xeral de Universidades ou, por delegación, a persoa titular da Subdirección Xeral de Universidades.

O xefe do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades.



Secretario/a: a xefa da Sección de Apoio aos Estudantes Universitarios da Secretaría Xeral de Universidades, que actuará con voz e voto.

2. A comisión avaliadora, para o exercicio das súas funcións, poderá contar co asesoramento de representantes das universidades galegas en calidade de expertos na materia obxecto da convocatoria.

3. Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos/as compoñentes non poden asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. O devandito nomeamento deberá recaer noutra persoa da Secretaría Xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

#### Artigo 10. *Selección*

A selección dos/das bolseiros/as será realizada pola comisión avaliadora en atención á prioridade outorgada pola prelación da nota media do expediente académico obtida para cada solicitante, calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración subscrito, con data do 27 de xuño de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

En caso de empate na nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, maior número de matrículas de honra e maior número de sobresalientes.

#### Artigo 11. *Proposta de resolución, resolución e publicación*

Efectuada a selección pola comisión, esta elevará, a través do secretario xeral de Universidades, un informe-proposta ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará unha relación nominal de beneficiarios, outra de suplentes, se os houber, e outra de solicitudes denegadas, coas causas de denegación, así como os demais aspectos previstos no artigo 34 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es> pola que se entenderán notificados para todos os efectos os solicitantes, de conformidade co artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para os efectos establecidos no artigo 23, número 4, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde, será de cinco meses, que comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditarse resolución expresa no dito prazo.

Os solicitantes excluídos poderán solicitar a devolución da documentación presentada no prazo máximo de dous meses a partir da publicación da resolución de concesión das axudas no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 12. *Notificación e aceptación da bolsa*

A Secretaría Xeral de Universidades notificaralles a proposta de resolución formulada pola comisión avaliadora aos seleccionados como beneficiarios e suplentes, que deberán presentar ante a dita secretaría, no prazo de 5 días contados desde a data de recepción da proposta de concesión:

a) Aceptación ou renuncia da bolsa, segundo o modelo que figura na páxina web da consellería.

b) Nova declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma (para os efectos do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), segundo o modelo que figura na páxina web da consellería.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o/a interesado/a decae no seu dereito.

As renuncias que se produzan serán substituídas de acordo coa listaxe de suplentes que se estableza na citada resolución.



**Artigo 13. *Pagamentos***

O aboamento da axuda convocada nesta orde realizarase de acordo co estipulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co previsto no último parágrafo do punto 1º do artigo 60 do Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Farase un pagamento único da axuda concedida, que se aboará na conta bancaria indicada polo/a beneficiario/a, logo da presentación da declaración responsable solicitada no artigo 12 desta orde.

**Artigo 14. *Compatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as bolseiros/as***

1. Estas bolsas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou a entidade que a conceda.

2. Os solicitantes deben cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiarios de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

3. Os/as solicitantes polo feito de solicitar esta bolsa, comprométense a aceptar o contido desta convocatoria e o seu resultado, así como a cumprir as seguintes obrigas:

a) Os/as bolseiros/as están obrigados a realizar as actividades previstas nos programas de mobilidade e cumprir os obxectivos destes con aproveitamento.

b) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades, por escrito, a renuncia á bolsa no caso de producirse unha causa que determine a dita renuncia e deberá notificar por escrito a causa da renuncia á bolsa acompañada da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas durante o período anterior á renuncia.

c) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades, no caso de existir alteración na declaración responsable presentada coa solicitude, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera organismo público ou privado.

d) Remitir á Secretaría Xeral de Universidades, unha vez finalizado o programa de mobilidade, unha certificación do órgano competente da universidade da realización do programa de intercambio.





e) Proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas, xunto cos xuros de demora que lle correspondan en cada caso, no caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, salvo en casos excepcionais autorizados pola Secretaría Xeral de Universidades.

f) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como a calquera outra actuación, de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. O incumprimento por parte do/a bolsreiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puideran corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición adicional primeira

A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda.

b) A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.



#### Disposición adicional segunda

Os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle competen, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición adicional terceira

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### Disposición adicional cuarta

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses de acordo co establecido no artigo 46 na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2013

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>BOLSAS DESTINADAS AOS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS QUE PARTICIPAN EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE CON PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO CURSO 2013/14</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>ED441B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/NIE/PASAPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TITULACIÓN UNIVERSITARIA		UNIVERSIDADE	
<input type="text"/>		<input type="radio"/> UDC <input type="radio"/> USC <input type="radio"/> UVIGO	
PROGRAMA DE MOBILIDADE	CENTRO DE DESTINO	PAÍS DE DESTINO	PERÍODO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E, na súa representación,</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)</b>			
ENDEREZO		LOCALIDADE	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

<b>DATOS BANCARIOS</b>			
NOME DA ENTIDADE		NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA</b>	
<input type="checkbox"/>	Certificación académica oficial ou copia compulsada, na cal figure a nota media simple, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011.
<input type="checkbox"/>	Certificado do órgano competente da universidade do solicitante de que o alumno está admitido nun programa de intercambio, indicando o centro, o país e o período temporal en que realiza a estadia.

Autorizo a Secretaría Xeral de Universidades, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.	
<input type="radio"/> SI	<input type="radio"/> NON (neste caso, presentar a documentación)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

<b>A persoa abaixo asinante DECLARA QUE</b>	
Non se encontra incursa nalguna das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10, puntos 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.	
Son certos cuantos datos figuran no formulario, que cumpro cos requisitos establecidos na normativa vixente para o acceso ou exercicio da actividade indicada e que está en posesión da documentación acreditativa da veracidade dos datos que comunico.	

CVE-DOG: qn0qeap4-4yr4-cvc6-3k68-ezw19zzbwh85



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO I  
(continuación)


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 10 de maio de 2013 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas destinadas aos estudantes universitarios que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2013/14.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 ,  de  de 

Secretaría Xeral de Universidades



## ANEXO II

## DECLARACIÓN RESPONSABLE

O abaixo asinante, solicitante da axuda para estudantes participantes en programas de mobilidade con países extracomunitarios,

## DECLARA:

- Que o solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que non solicitou e non se lle concedeu axuda, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Que solicitou e lle foi concedida axuda, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Denominación do organismo	Datas de		Importe (Euros)
	Solicitud	Concesión (1)	

(1) No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase PENDENTE nesta columna. Nas solicitudes denegadas farase constar 0 nesta columna.

## SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

